

***RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.***

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 2.2, incide no fomento da lectura e no uso das bibliotecas como un dos factores que favorecen a calidade do ensino. Igualmente, os seus artigos 19, 24 e 25 dispoñen que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas ou materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e mais a comunicación audiovisual se traballen en todas as áreas e materias. Ademais, ínstase as administracións educativas para que promovan plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes coa colaboración das familias. Por outra banda, o artigo 113 indica que os centros públicos disporán dunha biblioteca escolar, que fomentará a lectura e contribuirá a que o alumnado acceda á información e a outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e tamén a que poida formarse no uso crítico dos mesmos.

Os decretos autonómicos que establecen a ordenación e os currículos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato e as ordes que os desenvolven, inciden en que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave e en que é especialmente relevante o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. No título dedicado aos plans educativos que deben desenvolver os centros, poñen o foco sobre a lectura e regulan que os centros deben incluír, dentro do seu proxecto educativo, un plan de lectura coa finalidade de promovela, plan que se concretará cada curso a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento de información e na comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave. Ademais, instan os centros educativos a organizaren a práctica docente do profesorado de xeito que se garanta a incorporación dun tempo de lectura e a práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

O Plan LÍA 2021-2025 das Bibliotecas Escolares de Galicia ten entre os seus obxectivos contribuír á construción dunha sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade entre os distintos sectores da comunidade educativa, con iniciativas que promovan capacidades e actitudes relacionadas coas competencias complexas de lectura e escritura, co pracer

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



da lectura e a lectura por pracer, así como coa lectura para aprender, a través de múltiples plataformas; iniciativas que tamén faciliten o acceso, a creación, a comunicación e a difusión de textos en múltiples formatos e soportes, que permitan que o alumnado desenvolva a competencia lectora e escritora e mais a súa educación literaria.

A Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26 establece, no seu apartado trixésimo primeiro, un tempo de lectura para todas as etapas educativas. No mesmo apartado tamén se establece que todos os centros terán que elaborar o Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información.

A súa implantación é un dos eixos de actuación do programa de reforzo da lectura incluído no Plan MEGA de mellora educativa de Galicia impulsado por esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e que ten como finalidade reforzar a comprensión lectora do alumnado e fomentar nel o pensamento crítico e a reflexión.

Un plan destas características non só se debe enfocar á decodificación de textos, senón tamén á promoción da comprensión profunda, a análise crítica e a produción de textos propios. Sen dúbida, un plan de lectura óptimo considera a competencia lectora como facilitadora da aprendizaxe en todas as áreas do currículo. Así, cómpre promover a alfabetización permanente tendo en consideración tanto o uso social da lectura e da escritura coma a diversidade textual, na procura de formar unha cidadanía crítica, creativa e capaz de desenvolverse activamente na nosa sociedade.

Deste xeito, o Plan incide na mellora da competencia lectora do alumnado: nos coñecementos, destrezas e estratexias lectoras, así como na capacidade para aplicarlos en diferentes contextos ao longo da súa vida. Ademais, a competencia lectora non pode entenderse na súa plenitude sen atender tamén a escritura e o acceso á información, polo que serán estes tres os aspectos fundamentais do plan –a lectura, a escritura e mais o acceso á información–, de aí que falemos dun Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información nos centros educativos galegos.

Alén diso, unha das actuacións prioritarias da Consellería é establecer unhas pautas e uns criterios para garantir un tempo de lectura diario que se converta nunha actividade sistematizada que implique todas as áreas do currículo. O *Tempo de lectura* ha ser un espazo protexido no horario



escolar no que se fomente a lectura de diferentes xéneros en distintos formatos.

Co fin de promover e garantir un marco de acción que permita acordar e coordinar o deseño e desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información, como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

## **RESOLVO:**

### **Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación***

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (en diante, PLEA) para o curso 2025/26, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

### **Segundo. *Definición, obxectivos e características do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información***

O PLEA é un documento de centro que integra todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso e no tratamento da información, e tamén á comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave.

Os obxectivos xerais do PLEA serán os seguintes:

- a) Mellorar a competencia lectora de todo o alumnado e fomentar a lectura crítica.
- b) Mellorar a produción de textos escritos en múltiples soportes.
- c) Favorecer as alfabetizacións múltiples (a alfabetización visual, informacional e mediática) do alumnado e fomentar o uso crítico da información.
- d) Implementar e reforzar nos centros educativos estratexias desde todas as áreas, materias e ámbitos do currículo que redunden na mellora da competencia lectora, escritora e informacional.
- e) Sistematizar a práctica lectora diaria en todos os niveis das etapas de primaria e secundaria

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



obligatoria.

f) Consolidar as bibliotecas escolares como centros de recursos en diferentes soportes para a aprendizaxe e gozo da lectura, para o desenvolvemento de habilidades na escrita e para o acceso á información.

g) Acadar a implicación de toda a comunidade educativa para favorecer o hábito lector e o fomento da lectura, así como o gusto pola escrita e o coidado da mesma.

h) Promover por parte dos centros educativos o uso das ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora, escritora e informacional.

Así, o Plan deberá ser:

a) Coherente. É unha compoñente esencial dentro da proposta pedagóxica do centro educativo e, polo tanto, artéllase en consonancia co Proxecto Educativo de Centro (en diante PEC).

b) Contextualizado. Ten que estar contextualizado na situación real do centro e partir da análise das necesidades tanto do alumnado coma da comunidade educativa, e dar resposta á realidade específica do centro educativo, partindo da súa contorna sociocultural e dos principios orientadores do PEC.

c) Integral. Formúlase como unha proposta que recolle, organiza e artella as decisións pedagóxicas e didácticas relacionadas coa lectura, a escritura e o acceso á información.

d) Consensuado. Elabórase de forma consensuada e colaborativa entre todo o profesorado, implicando todos os niveis educativos e todas as áreas, materias e ámbitos.

e) Realista. Ten que ser un documento viable, asentado no seu contexto e con obxectivos asumibles.

f) Estable. Concíbese como unha proposta sostible no tempo, con obxectivos definidos a medio e longo prazo, orientados ao desenvolvemento integral do alumnado.

g) Flexible. Para garantir a súa efectividade, este plan formúlase cun enfoque de concreción, seguimento e avaliación anual que se recollerá na Programación Xeral Anual (en diante PXA).

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



### **Terceiro. Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información**

#### 1. Planificación e desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información

a) Ao longo do curso 2025/26, o centro levará a cabo as actuacións necesarias para a elaboración do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (PLEA). Este proceso desenvolverase por fases ao longo dos tres trimestres do curso, tal e como segue:

1º. Durante o primeiro trimestre, o centro deberá realizar unha análise da situación xeral de partida en relación ao ámbito do Plan (necesidades da comunidade educativa, contexto do centro, resultados das avaliacións de diagnóstico e das avaliacións internas...) previa á fase de deseño e elaboración.

2º. No segundo e terceiro trimestre, procederase á redacción do PLEA.

3º. Ao finalizar o terceiro trimestre, o PLEA será presentado ao claustro e, posteriormente, sometido á aprobación do consello escolar.

Esta planificación estará supeditada á dispoñibilidade da aplicación informática que contribúa a unha xestión máis eficiente do Plan, tanto na súa elaboración coma no seguimento, avaliación e concreción anual. O centro educativo recibirá as correspondentes instrucións por parte da administración educativa para o uso desta ferramenta, co fin de garantir unha implementación coherente e axustada aos obxectivos establecidos.

b) No curso 2026/27, o centro levará a cabo a implementación efectiva do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información. Este plan deberá incorporarse ao PEC.

c) O PLEA terá unha vixencia de catro cursos escolares e estará suxeito a un proceso de avaliación e mellora continua. A súa concreción anual realizarase a través da PXA, onde se detallarán as accións previstas para cada curso escolar, vinculadas aos obxectivos establecidos.

#### 2. Estrutura do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información

A Consellería facilitará un modelo para o deseño do Plan e ofrecerá acompañamento aos centros

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



durante a súa elaboración e implementación. A estrutura do PLEA deberá conter, cando menos, os seguintes apartados:

a) Contexto

b) Obxectivos

- En relación coa lectura
- En relación coa escritura
- En relación co uso e o tratamento da información

O contexto e os obxectivos do Plan trasladaranse ao PEC e terán unha vixencia de catro cursos escolares. Do mesmo xeito deberase recoller na concreción curricular os criterios acordados para o seu desenvolvemento.

#### **Cuarto. Concreción do PLEA na Programación Xeral Anual**

En resposta aos obxectivos establecidos no PEC, a concreción en canto as actuacións, seguimento e avaliación e difusión incorporaranse anualmente á PXA.

As actuacións previstas na PXA parten dunha visión transversal, interdisciplinar e inclusiva, e implican a toda a comunidade educativa.

Nesta, liña, unha das principais actuacións que se recollerá na concreción do PLEA dentro da PXA será o desenvolvemento do *Tempo de lectura* durante o horario lectivo:

– Configurarase como unha actividade sistematizada que abranguerá todas as áreas e materias do currículo de cada curso. A planificación e organización deste tempo nas distintas etapas educativas do centro debe responder a unha visión pedagóxica integral, que garanta a súa coherencia coa concreción curricular de cada nivel, ciclo e materia.

– O **obxectivo** fundamental desta práctica é o fomento do hábito lector, o desenvolvemento da competencia lectora e o gozo persoal da lectura, así como a mellora da comprensión lectora, o fomento dunha lectura crítica, creativa e reflexiva, e o perfeccionamento da expresión oral e



escrita.

– Para implementar un tempo efectivo de lectura diaria nos centros educativos estableceranse, entre outras, as seguintes **medidas**:

a. Dedicación dunha franxa diaria de tempo de lectura:

1º. En educación infantil, recoméndase un tempo de lectura de 20 minutos diarios.

2º. En educación primaria, o **tempo lectivo** para o fomento da lectura terá unha duración de 20-30 minutos. É recomendable que sexa á primeira hora da mañá ou despois do recreo.

3º. En educación secundaria e bacharelato, recoméndase un tempo de lectura de 20-30 minutos diarios, involucrando as distintas materias e coa organización que determine o centro educativo.

b. Integración da lectura en todas as áreas, materias e ámbitos:

1º. O tempo destinado á lectura poderase desenvolver de forma flexible, en distintos horarios e en diversas áreas ou materias, sen limitarse exclusivamente ás áreas, materias e ámbitos lingüísticos. Esta disposición favorece unha integración transversal da lectura como ferramenta pedagóxica fundamental para a aprendizaxe e o desenvolvemento de competencias en todas as etapas educativas.

2º. Todo o profesorado participará activamente neste período de lectura co fin de actuar como modelo e como mediador de lectura.

3º. É importante ofrecer textos e materiais de lectura variados para que o alumnado desenvolva distintas habilidades lectoras, así como achegar unha ampla gama de libros de diferentes xéneros, niveis e formatos que satisfagan os seus intereses –entendendo que estes non se limitan exclusivamente á lectura de literatura de ficción, senón que inclúen tamén a lectura de textos de non ficción e informativos.

c. Creación dun ambiente lector. Esta proposta busca fomentar o gusto pola lectura. Por iso, é fundamental crear un clima motivador e tranquilo que convide o alumnado a gozar dos textos e a desenvolver o hábito lector.



O *Tempo de lectura* promove a equidade e a inclusión. Cómpre ter en conta que cada persoa le ao seu ritmo e debe poder facelo sen xuízos e nun ambiente seguro, polo que é necesario conseguir que a lectura se converta nun acto común que respecte a diversidade de intereses e de niveis lectores. Ademais, ten que ofrecer un espazo igualitario que contribúa a compensar as desigualdades de acceso á lectura existentes fóra do centro. Durante este tempo, tanto o profesorado coma o alumnado participarán na mesma actividade e desenvolverán, á vez, un rol lector idéntico.

d. Acompañamento lector: o profesorado deberá garantir o desenvolvemento do *Tempo de lectura* favorecendo o ambiente de silencio, actuando como mediador na escolla de lecturas e tamén, ao ler co alumnado, como modelo de persoa lectora, entre outras accións.

e. Participación da biblioteca escolar. A biblioteca escolar acompañará o desenvolvemento do *Tempo de lectura* con diferentes accións como:

1º. O establecemento dunhas franxas horarias para que os distintos grupos clase do centro educativo poidan seleccionar as súas lecturas.

2º. O préstamo de fondos para desenvolver esta actividade, facilitando unha selección variada de lecturas acompañadas de diferentes iniciativas como caixas ou bolsas temáticas, caixas de aula ou de nivel etc.

3º. A mediación lectora, actuando como apoio ao profesorado e mais ao alumnado para que se fagan escollas axeitadas e axustadas aos distintos intereses e necesidades.

f. Deseño de estratexias:

1º. Lectura personalizada e diversificada. A persoa lectora escolle libremente o texto que desexa ler, ou ben achegado por si mesma, ou ben escollido entre a oferta da biblioteca. Os textos para a lectura poden ter distintos formatos (libro, revista...) e temáticas diversas. Neste proceso de escolla será importante o labor de mediación do profesorado dentro do *Tempo de lectura*.

2º. Lectura silenciosa e individual. A práctica principal ten que ser unha lectura silenciosa e individual adaptada aos ritmos de cada persoa lectora.



3º. Lectura compartida. En ocasións puntuais, porén, pódense propoñer prácticas de lectura en voz alta e lecturas compartidas para promover a interacción e o intercambio de ideas.

Ademais do *Tempo de lectura*, co fin de favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e consolidar as súas competencias clave, levaranse a cabo diversas actuacións de fomento da lectura, da comprensión lectora, da expresión escrita e da alfabetización informacional. Neste marco, promoverase unha visión transversal e inclusiva da lectura e da escritura, integrándoas nas dinámicas de aula e nas actividades do centro, tanto de maneira sistemática coma a través de accións puntuais de carácter motivador e creativo. Así, entre outras, desenvolveranse as seguintes:

a) Para o desenvolvemento da lectura

A lectura concíbese como unha práctica social e cultural que contribúe ao desenvolvemento persoal, á aprendizaxe e á participación activa na sociedade. O centro promoverá un modelo de lectura amplo e inclusivo, que abranga a lectura literaria, informativa e multimodal, integrando diferentes soportes e linguaxes. As accións impulsaranse desde todas as áreas e etapas.

Para promover o hábito lector e a competencia lectora, propóñense diversas accións como actividades de expresión e interacción arredor da lectura, achegamento ao mundo do libro e da cultura e fomento da lectura en comunidade.

Algunhas das posibles actuacións son:

- Fomento dos apadriñamentos lectores.
- Participación en foros literarios presenciais ou dixitais onde o alumnado comparta opinións, recensións...
- Gravación de podcasts ou vídeos con recomendacións lectoras.
- Participación na iniciativa das mochilas e maletas viaxeiras.
- Organización de encontros con persoas autoras, ilustradoras, editoras e tradutoras.
- Visitas a librarías, bibliotecas e outras entidades do mundo da cultura.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



- Impulso das actividades de contacontos e narración oral.
- Fomentar as lecturas compartidas.

A biblioteca escolar actuará como eixe dinamizador, garantindo o acceso equitativo aos recursos, á diversidade de materiais e á creación de espazos e tempos de lectura significativa para todo o alumnado.

#### b) Para o desenvolvemento da escritura

A escritura concíbese como unha ferramenta básica para aprender, comunicar e crear. A súa presenza estenderase a todas as áreas e materias, integrando a produción textual como parte das tarefas cotiás do alumnado.

O centro promoverá accións que favorezan o desenvolvemento progresivo da competencia escrita, a través de propostas variadas, tanto individuais coma colaborativas, orais ou multimodais, en contextos reais de comunicación.

Entre as actuacións destacan:

- Deseño de obradoiros de escritura creativa e funcional, nos que o alumnado produza textos vinculados aos proxectos de aula ou á súa contorna.
- Traballo das distintas tipoloxías textuais (narrativa, descritiva, expositiva, argumentativa...) desde todas as áreas e mediante soportes diversos (papel, dixital, audiovisual).
- Integración da escritura no ámbito da oratoria e da comunicación oral a través de exposicións, recitais, dramatizacións ou actividades de Radio na Biblio (podcast etc.).
- Revisión e mellora dos textos propios para fomentar o coidado da lingua e mais a reflexión sobre o proceso de escritura.
- Participación en proxectos de escritura colectiva, publicacións, blogs, xornais escolares ou certames literarios.
- Implicación das familias e mais da comunidade educativa en actividades compartidas de

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



escritura e lectura pública.

A biblioteca escolar funcionará como un espazo de apoio á produción escrita, ofrecendo recursos, modelos e acompañamento nas prácticas de redacción e publicación.

### c) Estratexias para o acceso, uso e tratamento da información

O acceso á información, a súa análise crítica e o seu uso ético constitúen un eixo esencial do PLEA. O centro desenvolverá estratexias que permitan ao alumnado adquirir as competencias propias da alfabetización informacional e mediática (ALFIN/AMI), integrando o traballo coas fontes de información en proxectos e actividades interdisciplinares.

As actuacións concretas inclúen:

- Formación do alumnado como persoa usuaria da biblioteca escolar, tanto física coma virtual, e das súas ferramentas de busca.

- Aprendizaxe de estratexias para localizar, seleccionar, organizar e citar información procedente de fontes impresas, dixitais e audiovisuais.

- Actividades de lectura crítica e selectiva, que axuden a identificar fontes fiables, contrastar información e recoñecer nesgos comunicativos.

- Proxectos de investigación e tarefas de aprendizaxe integradas, que impliquen o tratamento e a comunicación da información mediante produtos escritos, orais ou dixitais (murais, infografías, podcasts, vídeos, blogs...).

- Educación no uso responsable da información e das redes, con especial atención á ética, á seguridade e ao respecto pola propiedade intelectual.

- Implicación da comunidade educativa en obradoiros, encontros con persoas expertas e proxectos compartidos sobre alfabetización informacional.

A biblioteca escolar liderará estas accións e será o espazo de aprendizaxe e referencia para a busca, a análise e mais a comunicación da información, en colaboración co equipo docente, coas familias e con outras entidades.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



### **Quinto. Liderado e coordinación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información**

1. O equipo directivo é o responsable de liderar o PLEA no seu deseño, implementación, seguimento, avaliación e difusión, así como de velar polo seu cumprimento. Neste sentido, resulta fundamental que promova a súa integración nas programacións didácticas para garantir unha aplicación efectiva e coherente cos obxectivos do centro.

2. Para garantir a coordinación e dinamización do Plan, designarase unha persoa coordinadora do PLEA con destino definitivo no centro, preferentemente membro do equipo de biblioteca, que contará co apoio da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou, no seu defecto, do claustro.

3. Esta persoa actuará como referente do Plan, impulsando as accións recollidas no mesmo, facilitando a comunicación entre os equipos docentes e informando periodicamente a dirección do grao de execución das actuacións previstas.

A persoa coordinadora terá as seguintes funcións:

- a) Redactar o Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información, en consonancia co PEC.
- b) Diseñar estratexias e accións concretas para a implementación do PLEA, integrando as áreas curriculares e considerando as características do contexto escolar.
- c) Coordinar e acompañar a posta en marcha do Plan, promovendo a participación activa do equipo docente, alumnado e outros actores da comunidade educativa.
- d) Realizar o seguimento e avaliación periódica do PLEA, mediante indicadores e ferramentas que permitan valorar o seu impacto e funcionamento.
- e) Sistematizar os resultados obtidos e propoñer axustes ou melloras que fortalezan o desenvolvemento do Plan ao longo do ano escolar.
- f) Desempeñar todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do Plan.

Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro, dentro das súas posibilidades organizativas, asignará un horario de dedicación á persoa coordinadora do

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



PLEA.

A persoa coordinadora recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado por cada un dos cursos escolares que abrangue o deseño e a implementación do Plan sinalados no apartado terceiro.

### **Sexto. Seguimento e avaliación**

Co obxectivo de garantir a eficacia e a adecuación do PLEA ao contexto e ás necesidades do alumnado, establecerase un procedemento sistemático de seguimento e avaliación continua. Este permitirá identificar os logros acadados, detectar posibles dificultades e introducir as melloras necesarias.

A responsabilidade do seguimento e da avaliación recaerá na persoa coordinadora do Plan, en coordinación co equipo directivo e coa colaboración do claustro, de acordo cos criterios que cada centro estableza a tal efecto.

### **Sétimo. Actuacións da Administración educativa**

A Consellería desenvolverá as seguintes actuacións para favorecer o deseño e desenvolvemento do PLEA

#### 1. Apoio e asesoramento aos centros docentes

a) Establecemento dunha rede específica de persoas mentoras que acompañarán os centros educativos no deseño, elaboración e implementación do Plan.

b) Asesoramento a través da Rede de formación do profesorado.

#### 2. Formación

a) Formación específica ao profesorado, ao persoal coordinador do Plan, así como, de ser o caso, a outro persoal implicado no mesmo.

b) Formación a través dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) centrado no

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela



itinerario formativo de fomento da competencia lectora.

c) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

### 3. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros docentes

As boas prácticas identificadas no deseño, elaboración e implementación do Plan nos diferentes centros poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

#### **Oitavo. Recursos**

A Consellería, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros de recursos de apoio á elaboración e desenvolvemento do Plan.

Así mesmo, as actividades derivadas deste plan poderán estar cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, no marco do Programa de Cooperación Territorial *Plan de Competencia Lectora*.

#### **Noveno. Inspección educativa**

Correspóndelle á inspección educativa supervisar o proceso de implementación e desenvolvemento do PLEA nos centros docentes, así como propor medidas de mellora, realizando as actuacións que correspondan.

#### **Décimo. Eficacia**

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Portal Educativo* da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA,  
UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela

